

**III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE
MULLERES E HOMES DE BAIONA**

2012-2015.

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MARCO NORMATIVO.....	5
3. METODOLOGÍA	8
4. DIAGNÓSTICO SOCIODEMOGRAFICO DE BAIONA.....	11
5. III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E HOMES DE BAIONA.....	31
6. CRONOGRAMA	59
7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	61
8. ANEXOS	63

1. INTRODUCCIÓN

O III Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Baiona 2012-2015, constitúe o documento político que recolle a intervención do Concello de Baiona en materia de Igualdade nese período, e supón a continuación e profundización das políticas de igualdade de oportunidades que dende anos ven desenvolvendo a Concellería de Igualdade de Xénero.

O compromiso que o Concello manifesta coa elaboración e desenvolvemento do III Plan pon de manifesto que a igualdade de xénero está presente na axenda política da Administración Local e é de obrigado cumprimento.

O Concello, como organismo próximo á cidadanía, constitúe o ámbito idóneo de intervención, xa que conta con información e coñece en profundidade a realidade social do municipio, e se atopa nunha situación privilexiada para detectar os intereses, necesidades e inxedanzas da cidadanía. A súa intencionalidade é promover as condicións pertinentes que favorezan o proceso de transformación social das relación de xénero no municipio coa finalidade de facer real e efectiva a igualdade de oportunidades de mulleres e homes.

Na actualidade, seguen a pervivir na nosa sociedade, estereotipos e roles de xénero que reflicten unha posición de desvantaxe para as mulleres respecto dos homes que dificultan o seu desenvolvemento como cidadáns. Existen tamén desvantaxes sociais que orixinan grandes desigualdades entre mulleres e homes, o xénero conxugado co factores como: a idade, a raza, o lugar de residencia, a situación socioeconómica, a diversidade funcional... etc, que reforza e solidifica as desigualdades.

A estratexia de intervención que recolle o Plan ten un carácter integral, orixinado fundamentalmente porque as diferentes liñas de traballo están dirixidas a xerar cambios estruturais que permitan acadar maiores cotas de equidade entre mulleres e homes, tanto no ámbito público como privado, para deste xeito contribuír á corrixir as desigualdades existentes e mellorar a situación de mulleres e homes do municipio. Polo tanto, o plan de igualdade convértese no instrumento transversal que precisa do traballo e implicación de todas as áreas e departamentos municipais, sendo a Concellería de Igualdade de Xénero o referente da execución e desenvolvemento do mesmo.

Previo á elaboración do Plan, realizouse un diagnóstico da situación social de mulleres e homes que nos permitiu identificar e seleccionar as liñas prioritarias incluídas neste Plan que responden á diversa normativa legal establecida en materia de igualdade de oportunidades de mulleres e homes.

En definitiva, o documento que a continuación presentamos convertese na materialización e concreción das políticas de igualdade que o Concello do Baiona levará adiante durante o seu período de vixencia 2012-2015.

2. MARCO NORMATIVO

Os obxectivos e accións contempladas neste III Plan enmárcanse na lexislación e recomendacións existentes no ámbito internacional, da Unión Europea, do Estado Español, da Comunidade Autónoma Galega e do ámbito Local. A continuación detallamos algunhas das máis importantes e recentes para o deseño das actuacións públicas:

Ámbito Internacional

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 1948.
- Convención sobre os dereitos políticos das mulleres. 1952
- Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller. 1967
- Convención para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller de 1979 (CEDAW).1979
- Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller. 1993
- IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijing.1995
- Resolución 1997/44 da Comisión dos Dereitos Humanos.1997
- Declaración do Milenio. 2000
- Documento final do Cumio Mundial. 2005

Ámbito da Unión Europea

- Tratado de Amsterdam. 1997
- Recomendación do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia. 2002
- Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de trato entre mulleres e homes nas condicións de traballo. 2002
- Regulamento 806/2004/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao fomento da igualdade entre as mulleres e os homes na Cooperación o Desenvolvemento. 2004
- Directiva do Consello 2004/113/CE do 13 de decembro, pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso de bens e servizos e o seu subministro
- Directiva 2006-54-CE sobre igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres. 2006
- Plan de traballo para a igualdade entre as mulleres e os homes. 2006-2010
- Carta Europea para a igualdade de mulleres e homes na vida Local

Ámbito do Estado Español:

- Constitución Española. 1978
- Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas de violencia doméstica. 2003
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno. 2003
- Lei orgánica 15/2003, dos 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que modifica os artigos 33 e 57. 2003
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. 2004
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. 2007.
- Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades (2008-2011)

Ámbito Galego

- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. 2004
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza. 2007
- Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. 2007.
- V Plan do Goberno Galego para a igualdade entre mulleres e homes (2007-2010).

Ámbito Local:

- Lei Reguladora de Bases do Réxime Local (1985)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia
- 2º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Baiona (2008-2010)
- Informe de avaliación do 2º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Baiona (2008-2010).

3. METODOLOGÍA

Dende unha perspectiva metodolóxica o proceso de elaboración do III Plan de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes de Baiona 2012-2015 caracterizouse por unha metodoloxía participativa que contou coa implicación das persoas responsables das políticas municipais, da cidadanía en xeral e das asociacións de mulleres.

A secuencialización das fases para a elaboración do III Plan son as seguintes:

Na primeira fase levouse a cabo unha reunión co persoal técnico da Concellería de Igualdade co obxectivo de definir e establecer os pasos a seguir para a elaboración dun Plan participativo que conte coa implicación da cidadanía, do persoal técnico e político, e do movemento asociativo.

En segundo lugar, a **fase de difusión á cidadanía** de Baiona deu comezo ao proceso de elaboración do III Plan de Igualdade de Oportunidades.

En terceiro lugar, a **fase de estudo e investigación** tivo como finalidade analizar a lexislación existente sobre igualdade de oportunidades a nivel internacional, europeo, estatal, autonómico e local; os resultados da avaliación do II Plan de Igualdade de Oportunidades que nos proporcionou información sobre a eficacia das accións establecidas no II Plan e nos permitiu identificar as accións que debían ter continuidade no actual plan e cales eran os aspectos susceptibles de ser mellorados. Paralelamente consultáronse tamén estudos, investigacións e bases de datos para elaborar o diagnóstico sobre a situación sociodemográfica de mulleres e homes en Baiona

En cuarto lugar, a **fase de elaboración do informe sociodemográfico do Concello de Baiona** que reflicte a situación de mulleres e homes nos diversos ámbitos: poboación, educación, emprego, poder e toma de decisións, violencia de xénero...etc coa finalidade de obter unha análise da desigualdade entre mulleres e homes na localidade.

A elaboración do informe sociodemográfico de Baiona realizouse a partir de datos extraídos do Instituto Galego de Estatística, da Consellería de Educación, do Nomenclátor e da Consellería de Traballo e Benestar. Os datos analizados abranguen o período 2006-2011, este intervalo de tempo foi elixido coa finalidade de coñecer a evolución da poboación desde o último diagnóstico realizado (2006) ata a actualidade. Resaltar a dificultade para atopar información relevante, xa que moitos dos datos que se precisan non están actualizados ou desagregados por sexo.

En quinto lugar, a **fase de recollida, procesamento e análise de datos** mediante un proceso participativo cos distintos axentes sociais vinculados cos eixos de actuación que nos proporcionou información acerca das necesidades, demandas e achegas a incluír no Plan de Igualdade.

Esta secuencialización obriga a recoller, volcar en protocolos específicos xenerados ad-hoc, e analizar: Datos secundarios, obtidos a partir da análise documental da información procedente de memorias de actividades, memorias anuais de servizos e/ou recursos, datos estatísticos, estudos totais ou parciais da

poboación, etc., e; Datos primarios procedentes da realización de entrevistas semiestructuradas e cuestionarios administrados ao persoal técnico e político con responsabilidades directas ou indirectas na área de igualdade, axentes sociais, profesorado, tecido asociativo, etc.

En sexto lugar, a **fase de elaboración do III Plan de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes de Baiona 2012-2015** estruturado en cinco eixos de actuación, obxectivos e accións. Os eixos establecidos son: Eixo Institucional: Construír Baiona en Igualdade; Eixo Socialización: Eliminar os Roles e Estereotipos de Xénero; Eixo Participación: Por unha cidadanía Activa das Mulleres; Eixo Calidade: Igualdade é Calidade; Eixo Violencia de Xénero: Erradicar a Violencia de Xénero. A continuación defínense os obxectivos, as accións, os indicadores, os axentes implicados, os axentes responsables, a temporalización e o sistema de seguimento e a avaliación.

Finalmente, na **última fase** realízase a redacción definitiva do III Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Baiona 2012-2015, documento que presentamos.

4. DIAGNÓSTICO SOCIODEMOGRÁFICO DE BAIONA

4.1 TERRITORIO E MEDIO

A nivel territorial, o Concello de Baiona sitúase no extremo suroccidental da Comunidade Autónoma Galega nas coordenadas xeográficas: 42° 07' 45'' 8 Norte, 42° 02' 59'' 16 Sur, 8° 48' 11'' 1 Leste, e 8° 53' 57'' 7 Oeste. Limita ao norte co océano Atlántico e o Concello de Nigrán, ao sur co Concello de Oia e Tomiño, ao este co de Gondomar e o Río Miñor, e ao oeste co océano Atlántico e o Municipio de Oia.

As infraestruturas de comunicación melloraron notablemente nos últimos anos, o municipio ten unha excelente rede de comunicacións tanto con Vigo, que conta cun importante Porto Comercial, Ferrocarril e Aeroporto, co norte de Galicia, como con Portugal e Madrid a traveso da AG-57 e a AP-9. Comunicase tamén mediante a estrada PO-552 que recorre o litoral. Neste apartado compre destacar que a maioría das estradas deste Concello son de titularidade da Deputación (51%), da Comunidade Autónoma o 27%, correspondendo ás de titularidade do Estado e do Concello o 12% e 10% respectivamente.

O clima desta localidade oscila entre os 14,9°C arredor da costa aos 13°C nas zonas máis interiores onde se acadan cotas de máis de 600 metros sobre o nivel do mar, rexistrándose os valores máis baixos nos meses de inverno (decembro a febreiro) onde se observan temperaturas medias arredor dos 10°C. Os valores máis elevados correspóndense cos meses de verán arredor dos 20°C, sendo xullo e agosto os meses que mostran valores máis elevadas. As precipitacións son abundantes sobre todo no outono e inverno, acadando unha media anual de 1.412 mm con maior precipitación nos meses de novembro a marzo.

No tocante ao uso do solo, a maior parte da superficie deste Concello está ocupada por bosques de especies foráneas, fundamentalmente bosques mixtos de eucaliptos e piñeiros, sendo mínimas as especies autóctonas. Existen tamén zonas de mato cunha orientación cara ao pasto, principalmente na parroquia de Belesar, así como pequenos bosques arborados de ribeira, matogueiras, pasteiros, carballeiras, sobreirais, xunqueiras e carriceiras, prados e vexetacións de rochedos costeiros.

Baiona caracterízase pola súa variedade paisaxística que pode ser contemplada dende diversos miradoiros (Alto da Groba e Virxe da Roca, o encoro de Baíña e o Faro de Cabo Silleiro) que presentan unha altitude e unha disposición do relevo que permiten obter vistas panorámicas do propio Concello, dos Concellos limítrofes e da desembocadura do río Miñor.

O relevo está estruturado en dúas unidades: a liña de costa, caracterizada pola suavidade e que presenta un relevo pouco accidentado fundamentalmente dende a desembocadura do río Miñor ata o núcleo de Baiona. Non obstante a suavidade do litoral contrasta co relevo accidentado do interior presentando altitudes superiores aos 600 m, onde destacan o Pico Gabiñeira (630m) e Groba (650m). As parroquias que están asentadas en maior altitude son San Lourenzo de Belesar e Sta Mariña de Baíña, pola contra, as máis chas son Sta Cristina da Ramallosa, Sta María de Baiona e Sta María de Afora.

A hidroloxía está dominada polo río Miñor que conforma a ría de Baiona na súa desembocadura. Conta con catro leitos fluviais¹ que dan lugar ás catro bacías máis importantes do Concello, a primeira a forman os ríos Portelo e Regueras, a segunda a do río Bahiña, a terceira a do río Guillade e última a do río Groba.

Existen espazos naturais: “A Foz do Miñor” incluído na Rede Natura e catalogada como Lugar de Interese Comunitario que abrangue dende a desembocadura do río Miñor e que grazas á acción das correntes litorais e das mareas dá forma a un complexo e dinámico ecosistema. O monte de “A Groba” constitúe o punto máis alto do municipio (648 m) composto por unha extensa vexetación arbórea de piñeiros e eucaliptos e sobre todo de monte baixo como toxos e breixos. No seu cume atópase o miradoiro do “Cortelliño” que nos permite observar a panorámica de Baiona, Val Miñor e parte das Rías Baixas. Situada na Parroquia de Baredo atopase as senda fluvial dos muíños e na de Sta. Cristina da Ramallosa a estación rupestre “Outeiro dos Lameiros” que constitúe un dos conxuntos de maior interese do Suroeste de Galicia

A localidade dispón dun importante patrimonio histórico artístico entre o que destaca o Castelo Monte Real, convertido en Parador Nacional de Turismo, a Colexiata románico-gótica, o Convento de Dominicás ou o Conxunto do casco antigo da vila de estreitas rúas con casonas brasonadas, soportais de pedra declarado no ano 1993 Conxunto Histórico-Artístico.

O municipio de Baiona situado ao suroeste da Provincia de Pontevedra, na Mancomunidade do Val Miñor, posúe marcado carácter marítimo, cunha forte dependencia do sector servizos, fundamentalmente das ramas de hostalería e actividades relacionadas co turismo, factor que transforma a dinámica económica do municipio na época estival, tamén ten unha arraigada tradición extractiva (fundamentalmente pesca e en menor medida agricultura).

4.2 POBOACIÓN E SOCIEDADE

¹ Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Baiona. Abril 2007

Para coñecer o estado e dinámica dunha poboación, empregamos a análise demográfica como instrumento que precisa da observación, rexistro e recolección dos sucesos acontecidos na poboación nun tempo e espazo xeográfico determinado. A poboación dun territorio e as súas características son o resultado dunha serie de procesos históricos de carácter demográfico e extra-demográfico que se plasman na súa composición e distribución no territorio (Saco e Álvarez 2005). Para a súa análise é preciso ter en conta que a poboación se atopa nunha dinámica de permanente cambio, onde os nacementos, defuncións e os movementos migratorios son determinantes, pero tamén as variables como o sexo e a idade, relación coa actividade, nivel de estudos ou o asentamento espacial son indicadores que nos van permitir definir comportamentos diferenciais na poboación.

4.2.1. Datos demográficos da poboación


Táboa 1: Superficie, Densidade e parroquias de Baiona, Prov. Pontevedra e Galicia (2011)

	Galicia	Provincia Pontevedra	Baiona
Superficie	29.557	4.495	34,5
Densidade hab./Km2	94,5	214,4	355,3
Entidades colectivas/parroquias	3.772	728	6

Fonte: Elaboración propia a partir de datos Nomenclátor 2011

A análise Táboa 1 permítenos comprobar que a **Densidade** de Baiona no ano 2011 é moito máis alta -355,3 persoas por quilómetro cadrado- que a da provincia de Pontevedra que presenta unha densidade máis baixa- 214,4 habitantes por quilómetro cadrado- e moito máis baixa aínda se a comparamos coa de Galicia na que residen 94,5 persoas por quilómetro cadrado. A densidade demográfica de Baiona triplica a de Galicia. Estes datos nos indican que a poboación galega presenta un desequilibrio demográfico moi notable.

Gráfico 1: Evolución da densidade de poboación Baiona, Prov. Pontevedra e Galicia



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE 2011

O gráfico anterior permítenos visualizar a densidade de poboación de Galicia, Provincia de Pontevedra e a localidade de Baiona durante os anos 2006-2011. Da súa análise pódese extraer

que a densidade da localidade de Baiona supera amplamente á dos outros territorios durante todo o período analizado. E é a que mais incremento presenta de poboación durante este período.

A localidade de Baiona presenta unha superficie de 34,5 quilómetros cadrados. A súa **distribución parroquial** está constituída por 6 parroquias² -San Lourenzo de Belesar, Santa Mariña de Baíña, Santa María de Baredo, Santa María de Baiona, Santa María de Baiona e Santa Cristina da Ramallosa-. Estas Parroquias distribúense en 46 entidades menores de poboación nas que residen 12.258 habitantes³, dos que, 6.156 se corresponden con mulleres e 6.102 con homes. A continuación expoñemos a distribución da poboación segundo parroquias.

Táboa 2: Distribución da poboación por sexo e parroquias

PARROQUIAS	Nº entidades Poboación	TOTAL		Mulleres		Homes	
		Nº	% ⁴	Nº	%	Nº	%
Ramallosa (Sta Cristina)	17	3.176	26%	1.598	50%	1.578	50%
Baiona (Sta María)	1	3.014	25%	1.530	51%	1.484	49%
Baiona (Sta. María de Fora)	4	1.995	16%	995	50%	1.000	50%
Baíña (Sta Mariña)	8	1.778	15%	913	51%	865	49%
Baredo (Sta María)	12	1.116	9%	527	47%	589	53%
Belesar(San Lourenzo)	4	1.179	9%	593	50%	586	50%
TOTAL	46	12.258	100%	6.156	50%	6.102	50%

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE e Nomenclátor 2011

Os datos que reflicte a táboa anterior nos indican que a parroquia máis poboada é Sta. Cristina da Ramallosa co 26% da poboación que se reparte equitativamente entre mulleres e homes (50%), seguida moi de cerca por Sta. María de Baiona co 25% de habitantes, sendo o 51% as mulleres e o 49% os homes. As parroquias de Sta María de Fora e de Baíña representan o 16% e 15% respectivamente. Pola contra, as menos poboadas son Baredo e Belesar (9%) que se corresponden coas parroquias que presentan maior contrastes no relevo no que predominan as grandes pendentes e máis afastadas da zona urbana.

Segundo a clasificación do IGE acerca do grao de urbanización do territorio, catro parroquias do Concello de Baiona son zona intermedia poboada (ZIP): Baíña, Baredo, Sta María de Fóra e Belesar, que segundo dita clasificación "...non pertencen a unha zona densamente poboada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./Km² e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a unha zona poboada densamente". Non obstante, a parroquia de Sta. Cristina da Ramallosa está catalogada como zona densamente poboada (ZDP). As parroquias


² Unidad intermedia entre la entidad singular de población y el municipio que existe en algunas regiones y que está constituida por la agrupación de entidades singulares y que goza de personalidad propia y de un origen marcadamente histórico.

³ INE-IGE Información municipal 2011

⁴ Porcentaxe respecto do Total

máis poboadas (Ramallosa e Sta María Baiona) correspóndense coas costeiras, mentres que Belesar e Baredo coas máis altas, dato que corrobora a tese mencionada anteriormente que as zonas costeiras presentan máis altas densidade de poboación que as interiores. A distribución da poboación por sexo presenta similares porcentaxes en todas as parroquias tal e como se reflicte no gráfico 2.

Gráfico 2: Evolución da poboación por sexo 2006-2011




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

A poboación do municipio de Baiona aumentou en 737 persoas desde ano 2006 e fíxoo de xeito constante ano a ano, sendo 431 no caso das mulleres e 306 no dos homes. A **evolución da poboación** de Baiona por sexo nos últimos anos reflicte o incremento paulatino de dita poboación, sendo 11.839 habitantes no ano 2006 e acadando os 12.258 habitantes no 2011 tal e como se reflicte no gráfico anterior. Se desagregamos os datos por sexos podemos comprobar que as diferenzas entre mulleres e homes no son significativas e presentan similares porcentaxes durante todo o período analizado.

Compre comentar que o período elixido para a súa análise (2006-2011) ven determinado pola inexistencia dun diagnóstico dende a perspectiva de xénero actualizado que reflicta a situación socioeconómica actual de mulleres e homes da localidade que permita deseñar e planificar políticas adaptadas a dita situación. Os datos socioeconómicos dispoñibles proceden do “Diagnóstico socioeconómico do Concello de Baiona” elaborado polo Proxecto Conta con Elas no ano 2006.

Gráfico 3: Evolución da poboación por parroquias 2006-2011




Fonte: Elaboración Avalia a partir de datos do IGE 2011

O gráfico anterior sobre a **evolución da poboación por parroquia e sexo** durante o período 2006-2011 nos indica que a parroquia que máis incrementou a súa poboación foi Santa Cristina da Ramallosa con 424 persoas, o que representa un aumento do 13%, seguida con bastante diferenza de Sta. María e Sta. María de Afora de Baiona con 3,5% e 5% respectivamente. Pola contra, as parroquias que menos incremento presentan son Belesar e Baiña con 2%. Compre destacar que nas parroquias de Sta. María de Baiona e Belesar o incremento é feminino, no caso dos homes existe un leve retroceso.


Se analizamos o gráfico 4 sobre a **distribución da poboación por grandes grupos de idade**, podemos observar como o peso da poboación (70%) concentrase entre os 16 e 64 anos, presentando porcentaxes similares de mulleres e homes. É preciso destacar que no rango de persoas maiores de 65 anos, as porcentaxes varían sensiblemente, as mulleres son o 57% mentres que os homes son o 43%.

Gráfico 4: Distribución da poboación por sexo e grandes grupos de idade 2011



Fonte: elaborado por Avalia propia a partir de datos do IGE

Gráfico-5- Pirámide da poboación de Baiona / 2011



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

A **pirámide de poboación** reflicte a estrutura da poboación do Concello no ano 2011 e permítenos comprobar o comportamento da poboación por sexo e grupos de idade. Deste xeito e a través da súa forma podemos extraer información acerca doas características do territorio.

A pirámide de Baiona permite apreciar a existencia dun lixeiro incremento demográfico nos tramos de menor idade e máis pronunciado nos segmentos de poboación de idade comprendida entre os 30 e os 64 anos, amosando en todos os tramos un certo equilibrio entre a poboación masculina e feminina agás os tramos de máis idade, dato que nos está a indicar unha forte presenza de poboación adulta. Respecto dos segmentos de maior idade destacar que presentan gran desequilibrio entre a poboación masculina e feminina, e será a partir dos 70 anos cando as mulleres superan en número aos homes, pero fundamentalmente na franxa de 80 a 85 anos e máis cando o número de mulleres triplica ao de homes. Este dato permítenos inferir que, debido ao incremento da calidade de vida e da sociedade de benestar a esperanza de vida incrementou nos últimos anos para ambos sexos, pero no caso das mulleres o aumento é moito maior debido fundamentalmente a factores socioambientais relacionados co estilo de vida.

Resaltar que os segmentos da base presentan maior extensión que os da cúspide o que nos está a manifestar a existencia dun certo relevo xeracional.

Respecto da nacionalidade de **procedencia da poboación inmigrante**, o 93% da poboación é española, mentres que o 7% restante é estranxeira, representando as mulleres o 44%. No tocante á procedencia de dita poboación repártese fundamentalmente entre Europa (71%) e América (27%), sendo moi baixa a procedencia africana e asiática.

A **idade media** da poboación de Baiona é a máis baixa dos territorios comparados, 41,5, seguida en da Provincia de Pontevedra (43,5), ocupando Galicia o último lugar. A táboa 3 reflicte como a idade medida de mulleres e homes é inferior para a poboación de Baiona e como as mulleres presentan unha media máis alta que os homes.

Táboa 3 : Idade media da poboación

	2010		
	Mulleres	Homes	Total
Baiona	42,6	40,4	41,5
Prov.Pontevedra	44,7	41,4	43,1
Galicia	46,7	43,5	45,1

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Os **indicadores demográficos** proporcionan información sobre as características básicas da poboación. A continuación realizamos unha análise dos principais indicadores da poboación de Baiona na serie temporal 2006 a 2010 e/ou 2011 e os comparamos cos da Provincia de Pontevedra e de Galicia. Eliximos esta serie temporal para poder analizar os cambios acontecidos na poboación da localidade dende a elaboración do último diagnóstico no ano 2006 ata a actualidade.

A **Taxa bruta de natalidade** indícanos a frecuencia con que ocorren os nacementos nunha poboación durante un determinado tempo. Neste sentido a taxa de natalidade de Baiona é de 9,6 e se corresponde coa máis alta dos tres ámbitos analizados. Como podemos comprobar na táboa 4 permanece invariable durante o período. Respecto da taxa bruta de natalidade Pontevedra baixa lixeiramente, non obstante, a de Galicia aumenta lixeiramente e pasa do 7,7 ao 7,9.

Táboa 4: Taxa bruta de natalidade

	2006	2010
Baiona	9,6	9,6
Prov.Pontevedra	8,8	8,7
Galicia	7,7	7,9

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

A **idade media de maternidade** aumenta en todos os territorios de referencia tal e como nos revelan as cifras oficiais publicadas, incluso supera á media das mulleres en España que se sitúa en 31,4 anos. Se cruzamos este dato coa **nacionalidade da nai** nos atopamos que o 92,8% das mulleres que teñen fillas e/ou fillos son de nacionalidade española.

Táboa 5: Idade media de maternidade

	2006	2010
Baiona	30,9	31,8
Prov.Pontevedra	31,2	31,7
Galicia	31,3	31,8

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Índice sintético de fecundidade ou número medio de fillas ou fillos por muller para o Concello de Baiona é de 1,2 permanecendo invariable durante o período de referencia. Este índice é lixeiramente mais alto que o da Provincia de Pontevedra 1,1 e o de Galicia 1.

A **taxa bruta de nupcialidade** é a relación do número de matrimonios dunha poboación nun período determinado por cada mil habitantes. A taxa de nupcialidade de Baiona é de (3,7) o que nos indica que é levemente máis alta que a da Provincia de Pontevedra (3,6) e a de Galicia (3,5).

Respecto da **idade media ao primeiro matrimonio**, son as mulleres de Baiona as que se casan con maior idade 31,5, seguido das de Galicia con 31. Os datos relativos á idade media do primeiro casamento dos homes é idéntica tanto para o ámbito local, provincial como galego 33,1 anos.

A **taxa bruta de mortalidade** é o indicador demográfico que sinala o número de defunción dunha poboación por cada mil habitantes nun período determinado. A taxa bruta de mortalidade de Baiona é de 7,8, moito máis baixa que a dos outros territorios de referencia, sendo menor para as mulleres que para os homes, (Táboa 6) O ámbito que presenta maior taxa de mortalidade é o galego con 10,5.


Táboa 6: Taxa bruta de mortalidade

	2011		
	Mulleres	Homes	Total
Baiona	7,5	8,1	7,8
Prov.Pontevedra	8,7	9,3	9
Galicia	10,2	11,1	10,5

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

O **índice de envellecemento** indícanos a relación existente entre a poboación maior de 64 anos e a menor de 20 anos. Nos últimos anos o índice de envellecemento da poboación da localidade incrementouse en 13,7 pasando de 76,8 no ano 2006 a 90,5 no ano 2011, presentando un índice moito máis alto para as mulleres que para os homes, 105,9 fronte a 76. Se desagregamos os datos por sexo comprobamos que os datos relativos ás mulleres superan amplamente aos dos homes nos territorios mencionados (gráfico 6).

Gráfico6: Índice de envellecemento 2011



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

O gráfico anterior reflicte que o **índice de envellecemento** de Baiona é máis baixo que o da provincia de Pontevedra (109,5) e moito máis que o de Galicia (141,4). Se desagregamos os datos por sexo comprobamos que os datos relativos ás mulleres superan amplamente aos dos homes nos territorios mencionados.

Táboa 7: Índice de sobreenvellecemento 2011

	2006			2011		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
Baiona	14,5	7,7	11,7	13,7	8	11,2
Provincia de Pontevedra	15,0	8,4	12,4	16,8	10,3	14,1
Galicia	15,6	9,4	13,0	17,9	11,9	15,4

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

O **índice de sobreenvellecemento** informa da relación entre a poboación maior de 84 anos e a maior de 64 anos, e no relativo á localidade de Baiona podemos observar na táboa anterior como este índice é o máis baixo, presentando valores moito máis altos para mulleres que para homes.

O **índice de dependencia global** de Baiona é inferior ao dos territorios de referencia (41,8) presentando seis puntos e medio de diferenza respecto do ámbito provincial e dez respecto do autonómico. A diferenza entre mulleres e homes é de case seis punto en Baiona, oito puntos para o ámbito provincial e case dez puntos para o galego (Táboa 8).

Táboa 8: Índice de dependencia global


	2011		
	Mulleres	Homes	Total
Baiona	44,7	38,9	41,8
Prov.Pontevedra	52,5	44,1	48,3
Galicia	56,8	47,0	51,9

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

O **índice de dependencia xuvenil** indica a proporción de poboación de menos de 20 anos respecto da poboación de 20 a 59 anos residentes dun territorio. O Concello de Baiona posúe un índice similar á taxa media provincial e lixeiramente maior que o autonómico (17,6), presentando un índice máis baixo para as mulleres que para os homes.

O **índice de dependencia senil** relaciona a poboación maior de 64 anos coa de idade potencialmente activa (15 a 64 anos). O índice total para Baiona é de 20, inferior que o provincial e o galego. No gráfico 7 podemos observar como aumenta para ambos sexos no período analizado en todos os ámbitos, sendo superior para as mulleres que para os homes.

Gráfico7: Índice de dependencia senil



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

O **índice de recambio da poboación activa** determina a relación existente a poboación de 60 a 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos. Este dato representa en que medida a poboación nova e con acceso ao mercado de traballo é superior ou inferior á poboación en idade de xubilación. Un índice maior de 100 nos está a indicar que a poboación nova que se incorpora ao mundo laboral representa máis que a que se xubila. O índice da localidade de Baiona é máis baixo que nos territorios de referencia, polo que podemos inferir que existe máis posibilidade de recambio neste concello que no ámbito provincial e autonómico, tal e como se indica na táboa 9

Táboa9: Índice de recambio da poboación en idade activa

	2011		
	Mulleres	Homes	Total
Baiona	135,1	146,2	140,6
Prov. Pontevedra	139,9	122,7	131
Galicia	157,3	139,4	148,1

Fonte: elaboración Avalia

O **índice de masculinidade** sinala o número de homes por cada 100 mulleres, información que reflicte unha poboación que manifesta similares índices respecto á relación entre mulleres e homes nos tres territorios analizados, presentando o Concello de Baiona un índice un pouco máis alto, 99,1.

A continuación expoñemos unha táboa comparativa da evolución dos principais indicadores de poboación de Baiona 2006-2011.

Táboa 10: Indicadores de poboación de Baiona 2006-2011

		Idade Media	Índice Envellecmt o.	Índice Sobreene llecemento	Índice Depend. Global	Índice Depend. Xuvenil	Índice Depend. Senil	Índice Estrutura Pob. Id. Act.	Índice Recambio Pob. Id. Act.	Índice Masculinid .
2006	m	41,5	93,4	14,5	41,5	17,6	23,8	86,6	93,9	97,4
	h	38,9	61,1	7,7	34,9	18,7	16,2	84,2	94	
	T	40,2	76,8	11,7	38,2	18,2	20,3	85,4	93,9	
2007	M	41,8	96	14,5	41,4	17,5	23,9	89,7	105,8	98,3
	H	39,2	64,3	7,7	35,9	19,1	16,8	87,3	106	
	T	40,5	79,6	11,7	38,6	18,3	20,3	88,5	105,9	
ano 2008	m	42,1	97,3	14,2	41,7	17,6	24,2	93,9	111,9	98,6
	h	39,5	65,7	6,9	35,9	19,1	16,9	90,4	118	
	T	40,8	81	11,1	38,8	18,3	20,5	92,1	114,8	
ano 2009	m	42,4	101,9	15,2	42,4	17,5	24,9	96	121,4	98,5
	h	39,9	68,9	7,3	37	19,2	17,7	93,8	121,3	
	T	41,5	84,8	11,9	39,7	18,4	21,3	94,9	121,3	
ano 2010	m	42,6	102,3	14,7	43,8	18,3	25,5	101,2	128	98,7
	h	40,4	73,5	7,8	37,5	18,8	18,7	97,3	125,8	
	T	41,5	87,5	11,7	40,6	18,6	22	99,2	126,9	
ano 2011	m	42,8	105,9	13,7	44,7	18,5	26,2	101,4	135,1	99,1
	h	40,7	76	8	38,9	19,5	19,4	102,5	146,2	
	T	41,8	90,5	11,2	41,8	19	22,8	102	140,6	

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

4.3. EDUCACIÓN

Se analizamos o **alumnado matriculado en centros de réxime xeral** en funcionamento segundo sexo e nivel de ensinanza nos atopamos que as mulleres son o 54% na educación infantil, e o 85% nos ciclos formativos de grao superior. Pola contra, presentan datos sensiblemente menores no Bacharelato (49%) e na Educación Secundaria Obrigatoria (47%), tal e como se reflicte na táboa seguinte.

Táboa11: Alumnado matriculado segundo sexo e nivel de ensinanza

	2011		
	Mulleres	Homes	Total
Educación Infantil	125	105	230
Educación Secundaria Obrigatoria	182	206	388
Bacharelato	53	55	108
Ciclo formativo grao medio	0	0	0
Ciclo formativo grao superior	46	8	54
Programas de cualificación	5	7	12
Total	667	683	1350

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

En relación co **nivel de estudos** e segundo o Padrón Municipal do ano 2006, a continuación expoñemos os seguintes datos:

Táboa12: Distribución da poboación por sexo e nivel de estudos (2006)

	Mulleres	Homes	TOTAL
No saben ler ni escribir	72,19%	27,81%	1,84%
Menos de 5 anos de escolarización	61,31%	38,69%	10,32%
Sen completar bacharelato elemental, ESO o EGB	50,27%	49,73%	34,38%
Bacharelato elemental, ESO o EGB completo	48,59%	51,41%	25,94%
Bacharelato Superior, BUP/LOGSE, COPU/PREU	48,09%	51,91%	12,03%
FPI, FP Grao Medio, Oficialía Industrial	48,43%	51,57%	2,77%
FP II, FP Grado Superior, Mestría Industrial	47,14%	52,86%	4,19%
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	59,8%	40,17%	3,88%
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	48,08%	51,92%	4,54%
Doutorado	0,33%	0,67%	0,19%

Fonte:elaboración Avalia segundo datos Estudio Socioeconómico de Baiona 2006

